

Decreto do Carbón

Unha información necesaria

Limiar

No sistema eléctrico estatal, a suma das diferentes tecnoloxías de produción (o que na linguaxe do sector denominase *mix enerxético*), teñen dúas formas distintas de entrar no mercado eléctrico para poder producir; por unha banda están as enerxías renovábeis no réxime especial que, producen no momento que teñen capacidade, ben porque hai vento, auga, sol, etc., e contan cun sistema de retribución xa prefixado con determinadas primas; logo están as tecnoloxías do réxime ordinario: térmicas de carbón, ciclos combinados, fuel, nucleares, ciclos de gas, gran hidráulica, etc., que compiten diariamente no denominado *Pool* e funcionan as que oferten un prezo máis baixo até que a potencia ofertada coincida coa demanda solicitada.

Neste marco, desde o ano 2008, por mor da crise económica prodúcese unha baixada no consumo eléctrico que, sumada ao incremento de potencia instalada nos últimos anos, especialmente por parte das enerxías renovábeis e dos ciclos combinados de gas natural, provocan que a produción eléctrica sustentada con carbón español, teña nun menor peso no conxunto do sistema eléctrico polo seu alto prezo.

Por iso, as centrais térmicas que usan carbón español e as empresas mineiras do Estado empezaron a acumular importantes cantidades de carbón fóra de mina e, é neste escenario cando o presidente Zapatero, na inauguración do curso político en Rodiezmo, anuncia a aprobación dun Decreto que favoreza o consumo do carbón español para a produción de electricidade.

Garantía de Subministro

O Goberno do Estado, para que a Unión Europea lle autorizase esta intervención política no mercado eléctrico, usou como argumentación unha Directiva Europea sobre o Mercado Interior da Electricidade (Directiva 2009/72/CE), que permite aos Estados dispor dunha fonte autóctona até un máximo do 15% da produción de electricidade nun ano civil.

Porén a situación do sector eléctrico estatal é contraria ao problema de garantía de subministro; actualmente hai 90.878 megawatios de potencia instalada, cando a máxima demanda de produción no ano 2008, deuse o 15 de decembro (entre as 19 e as 20 horas) e foi de 42.961 megawatios/hora.

Algo que se reflicte perfectamente no voto particular dun Conselleiro da CNE que, nun informe previo á aprobación do Real Decreto, dicía textualmente o seguinte: *"Non existe un problema de garantía de subministro. Sorprende que o proxecto de real decreto se xustifique coa garantía de subministro xa que este non é un problema que padeza o sector enerxético español, antes ao contrario, o notorio na actualidade é que existe un exceso de capacidade produtiva, ..., si o que este real decreto pretendese resolver fora un problema de garantía de subministro, os escasos recursos enerxéticos fósiles cos que conta o Estado deberían ser conservados (como reservas estratéxicas, en almacenamentos e na propia mina), e non consumidos, para atender eventuais desabastecementos..."*.

Real Decreto 134/2010 – 1º Real Decreto

A pesares dos informes contrarios da Comisión da Competencia e da Comisión da Enerxía, e sen que a Xunta de Galiza presentase alegacións dentro do Consello Consultivo da Electricidade, o Goberno do Estado decide aprobar o *Real Decreto 134/2010, de 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por **garantía de subministro** e se modifica o Real Decreto 2019/1997, de 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica*, publicado no BOE do 27 de febreiro de 2010.

Este primeiro Real Decreto, que no fundamental é igual ao que definitivamente foi aprobado o 1 de outubro, tiña como diferenza máis salientábel o compromiso (no seu Anexo III), polo que se pagaba o lucro cesante e os danos emerxentes ás empresas das centrais eléctricas que deixasen de producir en favor do carbón español.

A este Anexo III opúxose o Colexio de Comisarios/as da UE o que deixou este Real Decreto en papel mollado xa que nunca foi aplicado; porén, para evitar unha parada na produción mineira, a empresa pública Hunosa, por mandato do Goberno do Estado, destinou máis de 200 millóns de euros para seguir comprando o carbón aínda que non se consumise, e creou o denominado Almacén Estratéxico Temporal de Carbón Autóctono (AETC), que se lle sumamos o carbón xa acumulado nas propias centrais eléctricas, temos que na actualidade hai uns 18 Millóns de Toneladas de carbón fóra de mina, o que supón a produción aproximada de dous anos das minas españolas.

Porén, como o nivel de stock era moi alto e ante a falta dunha aplicación definitiva do Real Decreto, dous empresarios do sector

privado da minaría (Viloria e Victorino Alonso) deixaron de pagar as nóminas, aínda que eles seguiron cobrando do Estado; deste xeito, impulsaron unha mobilización social para forzar ao Goberno do Estado e ao Colexio de Comisarios/as da UE que, desaparecido o Anexo III (lucro cesante), permitiu a aprobación dun novo Real Decreto.

Real Decreto 1221/2010 – 2º Real Decreto

Unha vez que o Colexio de Comisarios/as aprobou este procedemento, o Goberno do Estado publicou no BOE do 2 de outubro o novo Real Decreto.

Nel primase o consumo de carbón español para a produción de electricidade até finais do ano 2014 (a pesares de ser máis caro e contaminante que o importado e o gas natural); de tal xeito que teñan prioridade para producir as 10 centrais térmicas de carbón español que existen no Estado (ningunha en Galiza).

Esta modificación no sistema eléctrico suporá a paralización case que total das dúas centrais de carbón importado que hai en Galiza (Meirama e As Pontes), e un menor funcionamento das de ciclo combinado de gas natural (Sabón e As Pontes).

Incremento de contaminación

Na seguinte táboa, elaborada oficialmente pola Comisión da Enerxía, vese a diferenza de emisións de CO₂ entre as Centrais Térmicas de Galiza e as Centrais autorizadas a producir por decisión política do Goberno do Estado.

Emisións específicas de CO ₂		
Titular da Central	Instalacións	KgCO ₂ /kWh
Endesa e Fenosa	Anllares	1,167
Eon	Puertollano	1,099
Eon	Escucha	1,082
Endesa	Teruel	1,082
Unión Fenosa	La Robla	1,066
Unión Fenosa	Narcea	1,063
Eon	Puentenuevo	1,055
Iberdrola	Guardo	1,025
Endesa	Compostilla	1,023
Hidrocantábrico	Soto de Ribera	1,007
Unión Fenosa	Meirama	0,978
Endesa	As Pontes	0,945

Un maior custo económico

A Comisión da Enerxía, no seu Informe 32/2010, de 14 de outubro, considera que o incremento do custo para a produción de electricidade, na aplicación do Real Decreto 1221/2010 (Decreto do Carbón), suporá 503 millóns de euros no ano 2011.

Se consideramos que este Decreto ten unha vixencia até finais de 2014, poderíamos falar dun incremento superior aos 2.000 millóns de euros que, loxicamente, terán que ser trasladados ás tarifas eléctricas, tanto de consumidores/as domésticos como industriais; xa que logo, en Galiza deixariamos de producir, mais teríamos que pagar unha parte deste aumento na nosa tarifa eléctrica.

Impacto deste Real Decreto no emprego en Galiza

A estimación dada pola propia Xunta sobre o emprego en Galiza, é a seguinte:

Emprego no Sector Eléctrico en Galiza				
Persoal	Centrais Térmicas	Ciclos Combinados	Portos	Total
Propio	424	122	21	567
Contratado	350	62	150	562
Indirectos	450	20	180	650
Inducido(subm.,transporte,..)	520		80	600
Revisións (cada 2 ou 3 anos)	1.100	30		1.130
TOTAL	2.844	234	431	3.509

Impacto económico en Galiza

Segundo informou ás Organizacións Sindicais a propia Consellería de Economía e Industria da Xunta, en reunión celebrada en Cerceda o 23 de setembro, o impacto económico en Galiza no seu escenario máis negativo sería de 1.220 Millóns de Euros, se consideramos que o PIB galego deste ano 2010 é de 55.339 millóns de euros, isto supón entre un 2 e un 3% do PIB galego.

Exclusión das centrais de carbón importado e ciclo combinado

Aínda que, con carácter xeral, non se repara neste tema, é precisamente aquí onde se prexudica a Galiza.

Pois o Goberno do Estado non só decidiu a prioridade destas 10 Centrais para producir, senón que tamén definiu qué Centrais deben

parar, como recolle textualmente o Real Decreto: "*Neste mecanismo específico de redución de programas, participarán todas as instalación térmicas de produción do réxime ordinario emisoras de CO₂*"

Podería, por exemplo, decidir parar dúas ou tres nucleares para deixarlles oco de produción ás Centrais de carbón español, mais optou usar como criterio o nivel de emisión de CO₂.

Por iso, para as de Carbón Importado e Fuel, prevé unha clasificación segundo emisións de CO₂, de xeito que entrarán en primeiro lugar as que menos emitan, indistintamente do prezo do quilowatio (criterio que se emprega para entrar no *Pool*); por poñer un exemplo visíbel, no caso excepcional de que Meirama e As Pontes puidesen producir, aínda coa aplicación do Decreto, e ofertasen o quilowatio a 0 Euros, tería preferencia de entrada calquera outra Central que contaminase menos sen importar o prezo, por exemplo unha de Ciclo Combinado.

Por iso, as dificultades para que as Centrais de Carbón Importado e as de Fuel (destas últimas quedan moi poucas), entren nalgún momento a producir son obvias.

Asemade as Centrais de Carbón Importado (tamén nas de Fuel), son excluídas do sistema como unidades completas de produción, é dicir, todo o Grupo Térmico (ou toda a Central) deixa de producir.

Porén, no caso dos Ciclos Combinados faise doutro xeito, como di textualmente o Real Decreto:

"...aplicarase a redución dos programas ás instalacións de produción que utilicen como combustíbel gas natural, de forma proporcional á enerxía programada para cada unha delas no programa diario base de funcionamento."

É dicir, no caso dos Ciclos Combinados o impacto negativo provocado polo cupo político ao carbón español, repártese de xeito proporcional entre todas as Centrais e non unha a unha como co Carbón Importado.

E esta é unha diferenza importante, as de Ciclo Combinado reparten o impacto do Decreto entre todas e, nas de Carbón Importado son excluídos Grupos Térmicos completos, sen ter a posibilidade de reducir carga e compartir a diminución da produción.

Situación xurídica do Decreto do Carbón

Logo da publicación do Real Decreto 1221/2010, presentáronse diferentes recursos xudiciais, tanto no ámbito do Estado (entre eles o da CIG, único sindicato que o fixo) e no Tribunal de Luxemburgo, tanto por empresas afectadas como pola Xunta de Galiza.

Actualmente a aplicación efectiva do Decreto está paralizada namentres as diferentes instancias xudiciais analizan polo miúdo o seu desenvolvemento; porén, isto non resolve a situación definitivamente.

Se ben é positiva esta paralización, pois amosa que hai indicios legais de que a aprobación do Decreto non cumpriu todos os requisitos legais e mesmo pode vulnerar a lexislación, tanto europea como estatal, non é menos certo que estamos diante dunha decisión política do Goberno do PSOE que prima os intereses dunhas Comunidades Autónomas con minaría de carbón (que ademais teñen eleccións autonómicas o vindeiro ano) en contra da capacidade produtiva de Galiza.

Hai erros importantes na tramitación legal deste Decreto, entre outros, no ámbito europeo faltou a audiencia previa a partes interesadas e contrarias a esta medida legal, e no seo do Estado, aprobouse un Real Decreto sen informe do Consello de Estado, que é preceptivo aínda que non sexa vinculante. Mais non por iso podemos nin debemos fiar todo o noso futuro a decisións xudiciais; non campo institucional parlamentar e gubernamental, e sobre todo, na resposta social é onde se pode paralizar esta agresión política á capacidade produtiva de Galiza.

Neste senso cumpre clarificar o proceso de mobilizacións que se vén dando no País e a actitude de xerar confusión social por parte de determinados cargos públicos (especialmente do Psoe) e dos sindicatos estatais.

Galiza: quen é contrario ao Decreto e quen xera confusión social

A diferenza das Comunidades Autónomas con minaría de carbón, que dun xeito claro, sen dúbidas e unanimemente (grupos políticos, sindicatos, concellos, deputacións, Parlamentos Autonómicos, etc.), solicitaron a aprobación deste Decreto (e nunca falaban das consecuencias negativas que tiña); no caso de Galiza, unha vez máis, temos que soportar discursos ambivalentes.

Por unha banda, están as organizacións sindicais de obediencia estatal que, baixo o prisma do “*interese común*” pasaron dun discurso ambiguo a posicionarse abertamente a favor do Decreto en canto recibiron as oportunas ordes das súas direccións do Estado. Galiza para eles é secundaria.

No campo político, en dúas ocasións levouse este debate ás Cortes do Estado, e alí o PSOE (tamén os deputados/as galegos) votaron a

favor do Decreto, o mesmo que fixo Esquerda Unida, e o PP (tamén os deputados/as galegos) abstivéronse.

Xa no ámbito local, sobre todo no Concello das Pontes, vemos como un Alcalde do PSOE, que ademais é o responsábel de Industria desa organización a nivel galego e que, na súa permanente propaganda electoral fachendea do seu contacto privilexiado con Zapatero e os diferentes Ministros de Industria; actúa a rebufo das iniciativas de mobilización da CIG, buscando sempre contraprogramas para xerar confusión social e aparentar que fai algo real, aínda que nunca reivindicou nada concreto; mais non deixa de ser un aliado real das políticas do Goberno do Estado, mesmo cando soubo que o Decreto estaba paralizado por decisión xudicial dixo textualmente que: “*Esta decisión xudicial **tristemente** nos beneficia*”.

Mais todo este proceso vai poñendo a cada un no seu sitio, e só o nacionalismo, tanto sindical como político, soubo ver con tempo o calado desta agresión económica e, a pesares das manobras de confusión, segue sendo a única opción que ten presentado unha alternativa real.

Comisión de Seguimento dos efectos do Decreto en Galiza

Dentro das manobras de confusión social hai que encadrar a creación dunha Comisión de Seguimento dos efectos do Decreto en Galiza por parte do Ministerio de Industria, como se non houbo suficientes informes dos organismos reguladores: Comisión da Enerxía e Comisión da Competencia, que xa se teñen pronunciado con meridiana claridade, ademais das opinións de calquera persoa que coñeza minimamente o sector eléctrico.

Esta Comisión nace logo dunha intervención directa do Secretario Xeral do PSOE galego nunha xuntanza no Ministerio, rematando así

toda unha serie de incongruencias deste cargo público que, nun primeiro momento solicitou a creación dun fondo de compensación para Galiza e, practicamente o día seguinte, pedía a adxudicación directa de megawattios eólicos ás empresas propietarias das Centrais de As Pontes e Meirama.

Mais esta Comisión está formada na súa grande maioría por persoas que defenden o Decreto, agás algunha excepción, e chégalles con obter algunha compensación; mais como se compensa que non nos deixen traballar nin producir por un veto político?

Por iso, non é de estrañar que se exclúa da súa composición ás Organizacións Sindicais (lembrar que a CIG é o sindicato maioritario no Sector Eléctrico de Galiza) e ao propio Goberno Galego.

Conclusión e Proposta de modificación do Real Decreto da CIG:

1. Estamos diante dunha decisión política, sen ningunha base técnica, económica, nin mediambiental que a xustifique, e que afecta moi negativamente á capacidade produtiva de Galiza. Vemos como hai prioridade política en resolver os problemas doutras Comunidades Autónomas mais sen ter en consideración, en ningún momento, o efecto que produce no emprego e na economía da nosa terra.
2. Neste senso, a proposta da CIG pasa por solicitar que o cupo do carbón español, outorgado por decisión política, sexa repartido entre todas as tecnoloxías do Sector Eléctrico: Nuclear, Hidráulica, Eólica, Biomasa, Coxeración, Carbón Importado, Ciclos Combinados, etc., de xeito directamente proporcional a súa aportación ao Sistema. É unha proposta solidaria, factíbel e a menos prexudicial para Galiza.